

## Meu corazón, branca vela

**Miro Villar**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

VILLAR, MIRO (2011 [2010]). “Meu corazón, branca vela”. *Grial*: 187, 92-93. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/133>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (2010). “Meu corazón, branca vela”. *Grial*: 187, 92-93.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## MEU CORAZÓN, BRANCA VELA

[RECENSIÓN DA EDICIÓN FACSIMILAR DO LIBRO DE MANUEL FABEIRO GÓMEZ *QUECHEMARE DA SAUDADE*, 2010]

**Miro Villar**

Pouco se sabía ata hoxe do libro *Quechemare da saudade* de Manuel Fabeiro Gómez, que moitos estudos literarios mesmo daban por desaparecido e adoito era citado polos poemas que o seu autor adiantara nas publicacións periódicas da época, galegas como *Tapal*, que dirixiu e na que publicou poemas de Antón Avilés Vinagre (aínda non de Taramancos), ou da diáspora, como *Eufonía* (Bos Aires, 1958-1959) na que apareceu o texto que dá título ao libro e que figura como a derradeira composición do mesmo. Este e outros poemas tamén mereceran a atención de compiladores como Ramón González Alegre na súa *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1959) ou Fernández del Riego na súa escolma *Poesía galega: do posmodernismo aos novos* (1980), mais o libro *Quechemare da saudade* non chegou a ver a luz.

Da man do profesor Xavier Castro Rodríguez, autor da edición e do prólogo, as concellarías de Educación e de Normalización Lingüística do Concello de Noia rescatan en reprodución facsímile o mecanoscrito cedido polos familiares do poeta. Castro explícanos que en 1953 Fabeiro presentou o orixinal ao certame literario que convocaba o Centro Gallego de Bos Aires e que merecera o primeiro premio, mais logo os organizadores dixeranlle que fora ex aequo con outra obra e isto había motivar o enfado do poeta e o seu afastamento dos cenáculos literarios. Certo é que o polígrafo Fabeiro, que publicara o seu *Follas dun arbre senlleiro* (1951) no catálogo da colección “Benito Soto”, peza fundamental no renacemento poético da posguerra, non volveu a dar ao prelo ningún outro libro de poemas, malia continuar a colaborar nas revistas literarias.

As páxinas previas coas anotacións eruditas e rigorosas de Xavier Castro realizan unha exhaustiva análise dos 55 poemas que integran *Quechemare da saudade*, principiando por nos explicar a orixe e o significado do termo “quechemare”, galicismo que nomea a unha embarcación pequena de vela e de dous paos. Para Castro esta escolla tería que ver moito coa saudade dos versos e co feito de que o autor sexa nativo da vila mariñeira de Muros, aínda que desenvolvería a súa vida profesional na veciña Noia.

O libro ábrese con dous poemas a xeito de limiar: “A miña canzón” e “Ós lectores”, nos que Fabeiro advirte “Irmáns na Terra, non son / un poeta de mensaxe” ou “Acharedes neles, brancas velas, árbores, saudade: o mesmo sempre. Podedes descir entón, que son un poeta-relox, que de cote me repito”. A confesionalidade resulta cando menos sorprendente ao ollarmos que a terceira parte vai estar adicada á memoria de Castelao.

A primeira parte, “Poemas do noso mar”, xunta dez poemas intimamente relacionados con ese espazo da ría de Muros e coa vida do mar. Castro sinala que “o poeta, transformado en mariñeiro, vive a experiencia da lonxanía” e relaciona esta evocación da soidade con

*De catro a catro* de Manuel Antonio, alén de salientar a terminoloxía [93] mariña. En efecto, a loita cotiá do mariñeiro de Muros “ardentía tés no peito”, as víuvas, os nenos orfos, son materia épica que se completa coa descrición da lúa, do luar, da noite, espazos para a soidade, e coa música popular dos Alalás.

“Meu corazón, branca vela” é o epígrafe da segunda parte que se abre cun texto en prosa: “Todos istes poemas falan do meu corazón. I-o meu corazón é unha vela branca q’ un día saíeu de MUROS pra percorrer outros ceos”. A seguir veñen dezanove textos que poden e deben ser lidos coma un único e longo poema de xinea amorosa. E Castro céntrase en analizar o tema recorrente da “branca vela” xa presente no anterior libro de Fabeiro.

“Cachenos do poema do guieiro” é a terceira parte escrita na morte de Castelao, como ben salienta o editor, quen tamén fai fincapé na relixiosidade do poeta e na súa permanente dialéctica entre a fe e a razón. Son sete textos, cos versos a convérterense en panexírico: “Onde está Daniel? Pregunta o vento / nas rúas do Rianxo. (...) Silenzo... Está cantando a i-alma de Galiza”.

Finalmente, os dezoito poemas da última parte, “Arbres dun día”, recollen unha miscelánea de textos de diferentes rexistros, os máis deles enraizados na poesía popular ou en diálogo coas poéticas canonizadas de Rosalía, Curros, Pondal, Cabanillas ou Manuel Antonio, e onde salienta ese poema final “Quechemare da saudade” que pretende dar respostas ás preguntas existenciais desenvolvidas con anterioridade.

Un libro fundamental para afondar nun dos poetas menos coñecidos da Xeración do 36, se callar por ese afastamento que o converteu nun poeta silente e nun erudito de moitos saberes. Un silencio que o excelente traballo de Xavier Castro contribúe a romper, malia a aínda escasa distribución desta edición facsímile. E este labor ben podería continuar coa necesaria edición da obra completa de Manuel Fabeiro Gómez, na que entrarían este libro, as *Follas dun arbre senlleiro* e os poemas inéditos espallados pola prensa, para restaurar de maneira definitiva o estro dese “poeta-relox”, como se autodenominaba.